

## RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CENTROS BENEFICIARIOS DAS AXUDAS A CENTROS PÚBLICOS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL PARA A REALIZACIÓN DE PROBAS ACREDITACIÓN DE COMPETENCIA LINGÜÍSTICA EN LINGUAS ESTRANXEIRAS PARA O ALUMNADO QUE CURSE ESTUDOS DURANTE O CURSO 2024/2025.

A Resolución do 12 de febreiro de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, publicada no portal educativo o 13 de febreiro de 2025, regula a xestión de probas de acreditación de competencia lingüística en linguas estranxeiras para o alumnado que curse estudos en centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional durante o curso 2024/2025.

Unha vez rematada a valoración das solicitudes pola Comisión de Valoración e, de conformidade co establecido na cláusula novena da dita Resolución,

### RESOLVO

*Primeiro-*. Publicar no portal educativo [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) a proposta de resolución provisional dos centros beneficiarios das axudas co importe asignado a cada centro educativo (Anexo I).

*Segundo-*. Abrirase un prazo de 5 días hábiles, a partir do día seguinte da publicación, para que as persoas interesadas poidan efectuar alegacións contra a mesma ou presentar renuncias ante a persoa que exerza a presidencia da comisión de valoración.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela.

Paula Carnicero Carrera.

Subdirectora xeral de Inclusión e Innovación Educativa.

